

Autor: ORTE SOCÍAS, C. e
GAMBÚS SÁIZ, M. (Eds.)
Ano: 2004
Título: *Los programas Universitarios para Mayores en la Construcción del Espacio Europeo de Enseñanza Superior*
Lugar: Palma de Mallorca
Editorial: Universitat de les Illes Balears

Nos últimos anos estase a producir un progresivo desenvolvemento e potenciación polas universidades, tanto nacionais como internacionais, de programas universitarios dirixidos ás persoas maiores. Estes programas teñen como obxectivo o de lle abrir a universidade ao sector da poboación maior de 50 anos, independentemente dos seus estudos previos. Trátase dunha poboación cada vez máis numerosa a que demanda un determinado tipo de programas formativos, que está ao final da súa traxectoria laboral ou xubilada con moito tempo de lecer e, ademais, nunhas boas condicións mentais e físicas que lle permite ser cidadáns activos. Son persoas que, en moitos casos, non puideron acceder aos estudos universitarios, case sempre por falta de recursos económicos, e que agora, en función dos coñecementos e da experiencia adquirida, están en óptimas condicións de realizar este tipo de programas universitarios.

Así mesmo, outro dos obxectivos que persegue a meirande parte destes programas é o de manter este grupo poboacional activo socialmente, que participe na vida social, cultural, política, etc., da súa comunidade. De feito, en diferentes traballos citados no libro sobre este grupo de persoas, dan como un dos seus resultados máis salientables o aumento no número de novas relacións que establecen, que, se o comparamos con outros grupos da mesma idade, podemos comprobar máis diversificadas, fóra do seu contorno familiar e comunitario. Este obxectivo ten outra especificación, como é a de establecer e potenciar as relacións interxeracionais entre estes alumnos e os alumnos máis novos.

Dentro deste marco de creación e potenciación deste tipo de programas, fóronse organizando diferentes encontros nacionais. Arestora acábase de celebrar o VIII, no que participan as universidades españolas que ofertan

estes programas, coa intención de ir establecendo o que podería ser un programa marco que tratase de unificar este tipo de actuacións universitarias. Coincidindo con estas reunións e coa aparición das directrices para a construción do Espazo Europeo de Ensino Superior, o Vicerreitorado de Extensión Universitaria e Actividades Culturais da Universitat de les Illes Balears organizou un Simposio Internacional no que non só participaron as universidades nacionais, senón tamén representantes doutros países europeos sobre estes programas universitarios no novo Espazo Europeo do Ensino Superior.

Un dos resultados deste simposio é este libro, que é o conxunto de intervencións e traballos que se presentaron ao citado congreso. Trátase de estudos sobre os programas universitarios para maiores e as repercusións que o novo Espazo Europeo de Ensino Superior pode ter neles. Pártese da situación actual na que se encontran este tipo de programas en Europa, en xeral, e no Estado español, en particular, e a partir desta, establecer cales poden ser as perspectivas ou posibilidades do seu desenvolvemento e potenciación.

O volume, coordinado polas profesoras da Universitat de les Illes Balears, as doutoras D^a Carme Orte e D^a Mercè Gambús, está dividido en catro partes cunha introdución que podería entenderse como unha máis. Neste sentido, a introdución, realizada

por M. X. March, trata de establecer, dende o punto de vista teórico, as incidencias que pode ter o proceso de converxencia europea da educación superior neste tipo de programas, dándonos unha visión xeral do proceso, que fai máis doado entender as seguintes partes do libro, de aparencia máis parcial, por países, e ao mesmo tempo máis prácticas.

A primeira parte céntrase nos diferentes programas universitarios para maiores que se están a desenvolver nos distintos países -aínda que está organizada por zonas xeográficas-, e non só os ofertados polas universidades, senón tamén por outro tipo de organizacións. Neste sentido, esta parte que é a máis extensa en canto ao número de traballos que se recollen e, polo tanto, de maior amplitude en páxinas. Divídese, á súa vez, en catro partes. A primeira consta de sete traballos, que fan referencia aos países nórdicos, británicos e do centro de Europa, foron elaborados por profesores desas universidades europeas e presentados no simposio. O segundo conxunto de traballos (tres) fai referencia aos países da Europa mediterránea e do Sur, incluíndo una análise xeral dos programas das universidades españolas. O terceiro apartado (tres traballos) está centrado na análise de diversas organizacións internacionais: AIUTA (Francia), McGill Institute, Montreal (Canadá) e a AEA (Reino Unido). Esta primeira parte remata con oito traballos, que

conforman o apartado cuarto, nos que se estudan en particular distintos programas universitarios para maiores de universidades españolas; entre eles, un sobre o “IV Ciclo”, que é o programa universitario para maiores da Universidade de Santiago de Compostela.

A segunda parte do libro trata da metodoloxía e os resultados destes programas universitarios. Á súa vez, divídese en dúas partes; unha primeira formada por tres traballos que analizan a repercusión que estes programas teñen á hora de integrar social e culturalmente os seus alumnos; e a segunda, que analiza cal é a perspectiva que os alumnos maiores teñen destes programas. Neste caso son nove os estudos, algún dos cales foi realizado e presentado no congreso polos propios alumnos. Os traballos tocan diferentes temáticas, moi relacionadas cun dos obxectivos aos que nos referimos ao comezo deste comentario, como son a saúde, a calidade de vida, a nutrición, as novas tecnoloxías, o benestar, etc.

Na terceira parte, constituída por catro traballos, analízase un aspecto moi importante para o desenvolvemento e mellora deste tipo de programas universitarios: o da avaliación dos propios programas, establecendo os diversos aspectos que deben examinarse, así como os obxectivos que cómpre perseguir ao realizar estas avaliacións.

Como non podería ser menos, sobre todo sendo produto dun congreso internacional, o libro remata coa IV parte, que en realidade son as conclusións, en inglés e en castelán, ás que se chegou ao final do simposio nas diferentes mesas e seccións de traballos que se desenvolveron entre os días 7 e 9 de maio de 2003 en Palma de Mallorca.

Finalmente, hai que comentar que este libro pode ser de gran interese para todas aquelas persoas que están a desenvolver este tipo de programas universitarios, así como para os alumnos das facultades de Ciencias da Educación, en xeral, e das materias que tratan sobre cuestións de xerontoloxía educativa ou pedagóxica, en particular. Permitiralles coñecer unha das experiencias educativas con persoas maiores que está a ter un gran desenvolvemento e demanda social por parte dunha poboación cada vez maior, en número, ademais de poder informarse, a través dos diferentes traballos que aparecen no libro, cómo programas de tipo educativo e formativo poden servir para acadar mellores cotas de calidade de vida nas persoas maiores, aumentando as súas relacións persoais e a súa participación social; en definitiva, ocupando o seu tempo de ocio, facendo que sigan como cidadáns activos e participativos, tanto na súa comunidade particular como, en xeral, na sociedade.

Antonio Rodríguez Martínez
Universidade de Santiago de Compostela